

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA TEMPORAL POR PERSOAL  
FUNCIONARIO INTERINO DUN POSTO RESERVADO Á ESCALA DE MESTRES/AS  
DE TALLER DE INSTITUTOS POLITÉCNICOS MARÍTIMO-PESQUEIROS,  
DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DO MAR**

**PRIMEIRA. Normas Xerais.**

1.1.- Convócase proceso selectivo para a cobertura temporal, por persoal funcionario interino, dunha praza de mestre/a de taller dependente da Consellería do Mar, ao abeiro do establecido na Sección 3<sup>a</sup> do Capítulo I do Título III da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 19 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 9 de maio de 2011 pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2008 pola que se establecen as materias que se imparten e as especialidades do profesorado dos centros de ensino pesqueiro e se regula a equivalencia para os efectos de docencia e o procedemento para a cobertura de carácter temporal de prazas de profesores numerarios e mestres de taller de institutos polítécnicos marítimo-pesqueiros e na vixente relación de postos de traballo da Consellería do Mar (DOG nº 157, do 20/08/2018).

Tras ser solicitada a cobertura do posto polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral da Función Pública, órgano competente para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, non puido seleccionar o persoal axeitado por non existir na lista da correspondente especialidade aspirantes que reunisen os requisitos establecidos; polo anterior e debido á urxente e inaprazable necesidade de cubrir o posto, ao tratarse dun servizo público de carácter esencial, a mesma dirección xeral autorizou excepcionalmente á Consellería do Mar a iniciar un procedemento similar ao establecido no artigo 7.5.b.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, para a cobertura do posto que se relaciona no cadro seguinte, no que se especifican as súas características, requisitos indispensables para o seu desempeño, de acordo coa relación de postos de traballo (RPT) e titulacións académicas requiridas para o acceso como persoal funcionario interino a cada unha das especialidades, conforme ás supracitadas Lei 2/2015 e Orde do 9 de maio de 2011. A primeira convocatoria celebrada seguindo o citado procedemento (iniciada en decembro de 2020), foi resolta declarándoa deserta por non concorrer ao proceso selectivo ningún candidato/a que cumprise cos requisitos indispensables e coa titulación necesaria, polo que cómpre realizar unha nova convocatoria mediante a publicación das presentes bases.

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal



Denominación	Código Posto	Destino	Motivo cobertura	Requisitos de desempeño	Titulación idónea (Orde 09/05/2011)
MESTRE/A TALLER- ESPECIALIDADE SERVIZOS AO BUQUE	PEC994030136560053	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro <b>Vigo</b>	Vacante por xubilación do anterior titular	- Título profesional de Capitán de Pesca (Requisito Indispensable segundo a RPT) - Máster universitario en formación do profesorado ou equivalente (Disposición adicional novena da Lei 2/2025, do emprego público de Galicia e artigo 100 da Lei Orgánica de Educación) (*)	- Diplomado/a en Navegación Marítima ou equivalente (*)
Total efectivos	1				

(\*) No que respecta ao máster universitario en formación do profesorado ou equivalente e á Diplomatura en Navegación Marítima ou equivalente, véxase base 2.2.a)

As retribucións serán as básicas e as complementarias que correspondan de acordo co previsto no Capítulo V do Título VI da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e coa vixente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2.- O sistema de selección será o de concurso de méritos, para o que se aplicará, tendo en conta que se autorizou un procedemento similar ao previsto no artigo 7.5.b) do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o baremo que nel figura como anexo III, e que, así mesmo, se acompaña como **Anexo I** da presente convocatoria.

1.3.- A Consellería de Facenda e Administración Pública, competente en materia de función pública, de acordo co establecido no artigo 14 da citada Lei 2/2015, do 29 de abril, expedirá a correspondente credencial de nomeamento de persoal interino á persoa seleccionada.

1.4.- O persoal funcionario interino seleccionado estará sometido ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

### **SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.**

As persoas candidatas deberán reunir, tanto no día que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento do seu nomeamento como persoal interino, os seguintes requisitos:

#### **2.1. Requisitos xerais.**

- a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española, ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal



Europea, sempre que non estean separados de dereito; así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuge sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Idade: ter cumplidos dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado/a do servizo nin despedido/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao empregado público.

## 2.2. Requisitos específicos.

- a) Posuír a titulación necesaria e os requisitos indispensables sinalados no cadre da base 1.1. para o posto ofertado. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar un documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Dada a imposibilidade de atopar aspirantes que cumpran todos os requisitos de desempeño do posto e tendo en conta a urxencia da súa cobertura, que resulta imprescindible para o correcto funcionamento do centro ao que está adscrito, existen razóns de interese público que xustifican a admisión como participantes no proceso das persoas aspirantes que non estean en posesión do máster universitario en formación do profesorado ou equivalente, tendo en todo caso preferencia sobre estas últimas aquelas persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do mesmo.

As mesmas razóns de interese público xustifican, así mesmo, a admisión de participantes que non posúan a concreta titulación académica requirida pola Orde do 9 de maio de 2011 (Diplomatura en Navegación Marítima), sempre que acrediten estar en posesión de calquera titulación académica que habilite para o ingreso no subgrupo A2, tendo en todo caso preferencia sobre estas últimas aquelas persoas aspirantes que acrediten estar en posesión da citada diplomatura.

- b) Coñecemento do idioma galego que se acreditará mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal



### **TERCEIRA. Solicituds, prazo e documentación a presentar.**

3.1. De xeito similar ao establecido no artigo 7.5.b) do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, ademais das persoas candidatas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego, ao que se cursará oferta xenérica do posto obxecto desta convocatoria, todas aquelas persoas que desexen participar neste proceso deberán cumplimentar e presentar debidamente cuberto o modelo de solicitude que figura como **Anexo II** a estas bases, no **prazo de dez (10) días hábiles** a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería do Mar.

As solicitudes, dirixidas á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, presentaranse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela), nas súas xefaturas territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O enderezo que figure nas instancias considerarase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os errores de consignación nel como a non comunicación de cambios de domicilio.

3.2. Documentación que deberán presentar as persoas candidatas xunto coa solicitude:

- a) Copia do DNI
- b) Copia das titulacións e acreditacións requiridas na base 2.2

Todos os méritos que as persoas aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para os efectos da documentación requerida, admitirse a documentación cotexada polas administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, universidades públicas e as axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario/a.

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá estar acompañada de tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional as persoas interesadas poderán poñerse en contacto telefónico co/s seguinte/s número/s **981544057/62/64**, en horario de 09:00 a 14:00.

3.3. Expirado o prazo de presentación de solicitudes o Tribunal de Selección publicará na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>) e no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral Técnica, a resolución cunha lista provisional de persoas admitidas e excluídas para o posto ofertado.

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
[sxt.mar@xunta.gal](mailto:sxt.mar@xunta.gal)



Na lista constará, en todo caso, o número do documento de identidade, ou documento equivalente, e a condición acadada, de persoa admitida ou excluída. No caso das persoas excluídas farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas ou excluídas para o posto ofertado.

#### **CUARTA. Tribunal de Selección.**

4.1. Por resolución do 3 de decembro de 2021, a Secretaria Xeral Técnica nomeou aos membros do tribunal de selección (**Anexo III**). Respecto á válida constitución e adopción de acordos do Tribunal de Selección, como ao resto dos aspectos do proceso selectivo, estarase ao establecido nas instruccións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas membro do tribunal deberán abstirse de intervir notificándolle á secretaria xeral técnica, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A presidencia solicitará ás persoas membro do tribunal declaración escrita expresa de non estar incursas nas circunstancias antes citadas segundo o previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal de Selección poderá incorporar persoal de asesoramento. Estas persoas deberán cumplir os requisitos esixidos para o membros do Tribunal de Selección.

#### **4.2. Funcións do Tribunal de Selección:**

- Avaliar a acreditación requerida e outorgarlles a cualificación as persoas aspirantes segundo as normas desta convocatoria.
- Formalizar, mediante actas, todo o proceso selectivo e o resultado final, que será remitido ao órgano convocante.
- Resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- Propor á Secretaría Xeral Técnica, órgano convocante do presente proceso, as persoas candidatas que obtiveron maior puntuación a efectos do seu nomeamento polo órgano competente.
- Interpretar o contido destas bases.

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
[sxt.mar@xunta.gal](mailto:sxt.mar@xunta.gal)



As comunicacións e demais incidencias serán dirixidas ao Tribunal de Selección, á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, Edificio Administrativo San Caetano, 5, 15781, Santiago de Compostela.

#### **QUINTA. Cualificación e selección dos aspirantes.**

##### **5.1. Lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo.**

Unha vez cualificadas as persoas aspirantes conforme á base 1.2. da presente convocatoria, o Tribunal de Selección publicará na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>) e no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral Técnica a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo para o posto ofertado, concedendo un prazo de reclamación de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.

##### **5.2. Lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo.**

Transcorrido o prazo de reclamacións, o Tribunal de Selección publicará, polos mesmos medios, a lista definitiva coas puntuacións respectivas para o posto ofertado.

##### **5.3. Criterios de desempate.**

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en Materia de Igualdade, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller agás se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos xéneros existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home. E como segundo criterio de desempate, estarase á letra establecida pola resolución do ano en curso pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### **5.4. Resolución da convocatoria.**

O Tribunal de Selección proporá a persoa candidata para o posto ofertado á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, que de estar conforme elevará a dita proposta á Dirección Xeral da Función Pública, órgano competente para os nomeamentos de persoal funcionario interino, que resolverá mediante resolución motivada, que será publicada na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>) e no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral Técnica. Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

A persoa nomeada deberá tomar posesión do posto no prazo de tres (3) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da Resolución na páxina web da consellería do Mar; en caso de non producirse a toma de posesión nese

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
[sxt.mar@xunta.gal](mailto:sxt.mar@xunta.gal)



prazo, entenderase a súa renuncia e procederase ao chamamento da seguinte persoa candidata con maior puntuación para o posto.

#### **5.5. Lista de suplentes.**

As persoas candidatas que finalmente non fosen nomeadas, nin tivesen renunciado expresa ou tacitamente ao nomeamento, pasaráan a formar parte dunha lista de suplentes para o posto ofertado que se fará pública coa lista definitiva de puntuacións, procedendo ao chamamento das persoas candidatas segundo a orde de prelación da mesma, de maior a menor puntuación.

A vixencia desta lista coincidirá coa duración do motivo que xustifica a cobertura temporal do posto obxecto da presente convocatoria, sen que este prazo poida exceder en ningún caso os tres anos.

#### **5.6. Datos de carácter persoal.**

Os datos de carácter persoal dos candidatos serán tratados coa finalidade de xestión xeral de recursos humanos, segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público e demais disposicións que resulten de aplicación.

A base xurídica do tratamento xustifícase no artigo 6.1 do RXPD, apartados a), b), c) e e).

Os datos serán conservados mentres sexan necesarios para a consecución das referidas finalidades, para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar destas e do tratamento dos datos e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

A secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar é a responsable do tratamento dos datos. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ou limitación do tratamento dirixíndose ao responsable no endereço <https://www.xunta.gal>. En caso de incumprimento do responsable do tratamento, os interesados poderán reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

#### **SEXTA. Recursos.**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal



Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un (1) mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**SÉTIMA. Disposición final.**

A participación neste proceso selectivo por parte da persoa candidata supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Silvia Cortiñas Fernández

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal



## ANEXO I – BAREMO DE MÉRITOS

1. Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.
2. Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,15 puntos/mes.
3. Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.  
A suma da puntuación das alíneas a), b) e c) non poderá exceder de 5 puntos.
4. Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escola oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, cursos de formación continua do AFCAP, segundo a relación de materias que se establece na convocatoria:
  - Cursos de ata 25 horas: 0,1 puntos.
  - Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
  - Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.
5. Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado) e que sexa superior ao establecido como requisito de acceso.
  - En grao de iniciación/Celga 3: 0,50 puntos.
  - En grao de perfeccionamento/Celga 4: 0,75 puntos.
  - Outro grao superior ao anterior: 1 punto.Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.
6. De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo ao disposto na base 5.3 da presente convocatoria.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
[sxt.mar@xunta.gal](mailto:sxt.mar@xunta.gal)



## ANEXO II

### **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA TEMPORAL POR PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DUN POSTO, RESERVADO Á ESCALA DE MESTRES/AS DE TALLER DE INSTITUTOS POLITÉCNICOS MARÍTIMO-PESQUEIROS, DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DO MAR**

*(Datos da persoa solicitante cando é unha persoa física)*

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>					
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ
PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a persoa interesada presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes na Consellería do Mar e ao tratamento dos mesmos.

**A PERSOA SOLICITANTE OPTA Á COBERTURA TEMPORAL DO SEGUINTE POSTO (Ver base 1.1):**

- MESTRE/A TALLER - ESPECIALIDADE SERVIZOS AO BUQUE, PEC994030136560053, Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro - **Vigo**

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- Copia do D.N.I
- Copia do título Celga 4 ou equivalente.
- Copia das titulacións requeridas:  
-  
-  
-
- OUTRA (MÉRITOS):  
-  
-  
-  
-  
-

Fago constar que a presente documentación consta de \_\_ folios, numerados correlativamente do 1 ao

-- .

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.: .....

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR**  
**Edificio Administrativo San Caetano, 5, 15781 - Santiago de Compostela**

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal



### ANEXO III

**RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PREVISTO NA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA TEMPORAL POR PERSONAL FUNCIONARIO INTERINO DUN POSTO RESERVADO Á ESCALA DE MESTRES/AS DE TALLER DE INSTITUTOS POLITÉCNICOS MARÍTIMO-PESQUEIROS, DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DO MAR**

Por parte desta Secretaría Xeral Técnica iniciáronse os trámites para a cobertura dun posto dependente da Consellería do Mar reservado á escala de mestres/as de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

A Dirección Xeral da Función Pública, órgano competente para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, non puido seleccionar o persoal axeitado por non existir na lista correspondente á especialidade solicitada, aspirantes que reunisen os requisitos establecidos; polo anterior e debido á urxente e inaprazable necesidade de cubrir o posto, a mesma dirección xeral autorizou excepcionalmente á Consellería do Mar a iniciar un procedemento similar ao establecido no artigo 7.5.b.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, para a cobertura do posto que se relaciona no cadro seguinte por persoal funcionario interino:

Denominación	Código Posto	Destino	Motivo cobertura	Requisitos de desempeño	Titulación idónea (Orde 09/05/2011)
MESTRE/A TALLER- ESPECIALIDAD E SERVICIOS AO BUQUE	PEC994030136560053	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro <b>Vigo</b>	Vacante por xubilación do anterior titular	- Título profesional de Capitán de Pesca (Requisito Indispensable segundo a RPT) - Máster universitario en formación do profesorado ou equivalente (Disposición adicional novena da Lei 2/2025, do emprego público de Galicia e artigo 100 da Lei Orgánica de Educación)	- Diplomado/a en Navegación Marítima ou equivalente
<b>Total efectivos</b>	<b>1</b>				

Polo exposto, esta Secretaría Xeral Técnica, no uso das facultades conferidas polo artigo 17 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o artigo 1.º primeiro da Orde do 8 de setembro de 2017 de delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente Público Portos de Galicia,

#### DISPÓN:

1.- A composición do **tribunal** para a selección do persoal funcionario interino necesario para a cobertura temporal do posto indicado será a seguinte:

Presidencia: M<sup>a</sup> José Cortés Jiménez

Secretaría: Ramón Otero Martínez

Vogais: Isabel Fernández Álvarez

    Pedro Riveiro Domínguez

    M<sup>a</sup> José López Rodríguez

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal



2.- A composición do **tribunal suplente** do anterior será a seguinte:

Presidencia: Alberto Otero Peña

Secretaría: Diego de Novoa Fernández

Vogais: Purificación Gómez Cons

M<sup>a</sup> Arantzazu Otero Martínez

Enrique Manuel Cobelo López

3.- As persoas membros do tribunal deberan abster de formar parte del ou poderán ser recusadas cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a consellería do Mar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou poderase impugnar directamente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme ao disposto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, de xurisdición contencioso-administrativa.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
[sxt.mar@xunta.gal](mailto:sxt.mar@xunta.gal)

